



Xesús, fundamento da Igrexa en saída

Andrés Torres Queiruga¹

A insistencia do papa Francisco en converter a Igrexa nun «hospital de campaña», concretada nunha chamada a traballar por unha «Igrexa en saída» tiveron una acollida espontánea. Significaba dar razón e avivar unha inqueda que leva anos habitando a conciencia dunha gran parte dos crentes: aquela que sintoniza co seu pontificado e trata de unirse ao seu proxecto renovador.

Con iso non fai máis ca retomar a chamada do Concilio Vaticano II; e, máis alá, volver ao anuncio, á actitude e á praxe de Xesús de Nazaré. A el temos que regresar sempre e cando intentamos ir ao corazón do Evanxeo, que equivale identicamente a escoitar o latexo das ansias máis fondas, de plenitude e realización a onde apunta a saudade máis fonda da humanidade.

Atender a esta chamada é o propósito deste foro. E, nela, a esta reflexión tócalle centrarse na forma viva que Xesús lle deu no seu Evanxeo.

1.- A «saída», necesidade constitutiva na historia relixiosa

A saída é algo esencial en toda existencia humana. Tamén, e dun xeito moi especial, na vida relixiosa. Para a persoa, nacer desde o Deus que crea por amor non significa aparecer no mundo como algo xa «feito e dereito», como di a expresión popular. Consiste en ser entregado á tarefa fundamental da propia realización, sempre

¹ Andrés Torres Queiruga é teólogo, presidente da Asociación Encrucillada.